



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
endereço electrónico: correo@betanzos.net

ASUNTO: Aprobación das bases e a convocatoria do XVI Concurso de carteis Letras Galegas 2026 do Concello de Betanzos

Expediente: 2026/A002/000002

ANUNCIO

O Concello de Betanzos publica as bases e a convocatoria do do XVI Concurso de carteis Letras Galegas 2026 do Concello de Betanzos ao abeiro do acordo adoptado por Decreto da Alcaldía de 27 de marzo de 2026, nº 2026/532 (expte. 2026/G003/000542), que resolve expresamente o seguinte:

[...] "*PRIMEIRO. Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por Decreto de alcaldía de data 20.06.2023.*

SEGUNDO. Aprobar as seguintes bases e a convocatoria do XVI Concurso de carteis das Letras Galegas do Concello de Betanzos [...]."

As bases do XVI Concurso de carteis das Letras Galegas do Concello de Betanzos constan como anexo ao acordo adoptado e indican expresamente na base sexta que a convocatoria deste concurso e as súas bases se publicarán no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, na Base de Datos Nacional de Subvencións, na páxina web do Concello de Betanzos (www.betanzos.gal) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

BASES DO XVI CONCURSO DE CARTEIS DAS LETRAS GALEGAS

XVI CONCURSO DE CARTEIS DAS LETRAS GALEGAS

O Concello de Betanzos convoca o XVI Concurso de carteis das Letras Galegas coa finalidade de afondar na vida e obra da autora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2026 e promover a expresión artística e o coñecemento sobre Begoña Caamaño entre os nenos e as nenas.

BASES

PRIMEIRA. Os obxectivos do XVI Concurso de carteis das Letras Galegas son promover a expresión artística dos máis miúdos e miúdas, afondar no coñecemento da vida e obra de Begoña Caamaño e fomentar a creación artística.

SEGUNDA. Poderá participar neste concurso todo o alumnado que estea a cursar a educación primaria ou con diversidade funcional nos centros educativos de Betanzos. Os



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
endereço electrónico: correo@betanzos.net

carteis deberán realizarse de xeito individual. Cada alumno/a só poderá participar cun cartel.

TERCEIRA. O motivo do cartel será a figura homenaxeada no Día das Letras Galegas 2026, Begoña Caamaño. O cartel deberá realizarse nunha cartolina A3 (aproximadamente 40 cm x 30 cm) e o idioma utilizado no cartel será o galego. Os carteis deberán ser orixinais e non poderán estar publicados nin ter recibido ningún premio.

CUARTA. Os carteis deberán indicar pola cara de atrás o nome, apelidos e teléfono, así como o curso e centro educativo do/a autor/a.

QUINTA. Os carteis poderán entregarse nas secretarías do CEIP Francisco Vales Villamarín, do CPR Nosa Señora do Carme "Atocha" e da Fundación Hospitalarias Betanzos, no Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Betanzos (Casa do Concello) ou na Biblioteca Municipal Alfonso Castelao, entre o día seguinte á publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e o 13 de abril, incluído este. Os carteis presentados fóra de prazo ficarán fóra do concurso.

SEXTA. A convocatoria do XVI Concurso de carteis das Letras Galegas e as súas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na Base de Datos Nacional de Subvencións, na páxina web do Concello de Betanzos (www.betanzos.gal) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

SÉTIMA. Concederase un primeiro premio ao cartel seleccionado polo xurado e dous accésits. Todos os premios serán un lote de material escolar por valor de setenta euros para cada neno/a gañador/a. Os criterios para a concesión dos premios serán a calidade e a orixinalidade dos deseños, así como a innovación e a adecuación aos obxectivos do concurso.

OITAVA. O prazo de resolución do xurado será dun máximo de cinco días a partir da data límite de entrega dos traballos. O cartel escollido será o que ilustre o programa de actividades das Letras Galegas 2026 do Concello de Betanzos e quedará en posesión do Concello. O Concello de Betanzos realizará unha exposición con todos os carteis participantes no mes de maio.

NOVENA. O xurado estará composto polos seguintes membros: presidente/a, secretario/a e vogais. A presidenta será a alcaldesa ou concelleiro/a en quen delegue, o/a secretario/a será un/ha traballador/a do Concello de Betanzos designado/a para o xurado e os/as vogais serán os/as representantes de cada un dos centros de ensino participantes no concurso.

O xurado resérvase o dereito de declarar deserto algún dos premios convocados e está facultado para tomar a decisión que considerar oportuna ante a aparición dalgún imprevisto non recollido expresamente nestas bases. Así mesmo, o Concello comunicaralle ás persoas premiadas o día, hora e lugar de entrega dos premios.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

endereço electrónico: correo@betanzos.net

DÉCIMA. A participación nesta convocatoria supón a aceptación das normas recollidas nestas bases e da decisión do xurado designado.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Betanzos, na data que figura na marxe

María Barral Varela

Alcaldesa do Concello de Betanzos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade se garante mediante cotexo na sede electrónica deste organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).